

Redacción

A CORUÑA

O Kiosco Alfonso acollerá, mañá dende as 10.00 horas, o quinto Encontro de Escritores Novos en lingua galega, que na súa edición de 2010 reduce a súa duración a unha única xornada de actividades, na que haberá tres mesas redondas e un recital poético.

Trátase da primeira vez que este evento realízase nun só día, o que se debe, segundo o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ao abandono por parte da Xunta, que por primeira vez non achegou fondos.

A xornada foi presentada onte no mesmo recinto no que se desen-

O Kiosco Alfonso acolle mañá o Encontro de Escritores Novos

O evento, que consistirá en varios debates e un recital poético, reduce a súa duración a un día por falta do apoio económico da Xunta

volverá pola concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, e polo presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias. Ademais destas institucións, na organización do evento, colaboran a Deputación provincial e o Centro Español de Dereitos Reprográficos.

Logo da intervención de María Xosé Bravo, o director dos Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, destacou que o obxectivo deste encontro eran os interrogantes que se deberían preguntar os novos escritores que nel participan: “Non imaxino unha sociedade democrática sen que se poidan

reunir os seus creadores e facerse preguntas e interrogarse sobre o seu futuro”.

Sobor da falta de axudas por parte de Xunta, feito que obrigou a desenvolver un encontro máis modesto e a reducir a súa duración a un só día, o director explicou que, por primeira vez, Mocidade non ache-

gou “nin un peso”. Sánchez Iglesias especificou que o convenio do ano pasado co Goberno autonómico foi de entre 60 e 70.000 euros.

As actividades comezarán ás dez da mañán, cunha mesa redonda coordinada pola profesora Antía Otero, e titulada *Que ten a poesía que ninguén a le pero todos a precisamos*, na que participarán Celso Fernández, Oliver Laxe e Álvaro Negro. Ás 12.00 horas, Francisco Castro presidirá un novo debate, *Pero son tan importantes os premios literarios?*, con Leticia Costas, Olalla Cociña e Lucía Novas, e as 17.00 horas, un último debate, con María Olalla Tuñas e Xosé Daniel Costas. Ás sete haberá un recital poético en Palexco.